

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 17.09.2019

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 17 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 52364 (10/POC-008094)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia e as demandas realizadas ao Goberno central con respecto á diminución da actividade da central térmica das Pontes e as súas repercusións no sector auxiliar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 509, do 22.07.2019
- 1.2 52737 (10/POC-008183)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e 2 máis
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir o mantemento do uso industrial e dos postos de traballo nos terreos que ocupa na actualidade Factorías Vulcano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 514, do 31.07.2019
- 1.3 53464 (10/POC-008381)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa situación actual do estaleiro Vulcano, en Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.4 53703 (10/POC-008427)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o coñecemento e valoración por parte da Xunta de Galicia do proceso de deslocalización dos servizos de R Cable e da posible perda de postos de traballo, así como as actuacións levadas a cabo para evitalo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.5 54176 (10/POC-008565)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para acceder á cancelación anticipada por Ferroatlántica do arrendamento das centrais hidroeléctricas do río Xallas, a documentación recibida ao respecto e as garantías que posúe do mantemento das condicións das concesións por parte da empresa compradora
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019

- 1.6 54494 (10/POC-008609)
Grupo Parlamentario Mixto
Casal Vidal, Francisco
Sobre os estudos xurídicos e traballos administrativos que está a desenvolver o Goberno galego en relación coa caducidade das concesións de aproveitamentos hidroeléctricos nos encoros de Galicia, en particular para garantir que a central das Conchas e as minicentrais pasen á xestión pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019
- 1.7 54497 (10/POC-008611)
Grupo Parlamentario Mixto
Casal Vidal, Francisco
Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia diante de Abanca para acadar unha solución ao concurso de acredores da empresa Isowat, así como os seus resultados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2019



Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	M
Luca Chao Pérez	GCE
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 17.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 17.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52364(10/POC-008094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia e as demandas realizadas ao Goberno central con respecto á diminución da actividade da central térmica das Pontes e as súas repercusións no sector auxiliar

Publicación da iniciativa, 509, 22.07.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 10:36:54
Nº Rexistro: 52364
Data envío: 09/07/2019 10:36:54.345

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

O pasado luns 8 de xullo un grupo de arredor de 150 camiións afectados pola minoración produtiva da Central Térmica de As Pontes iniciaron unha caravana ao longo de Galiza e con posterior rumbo a Madrid, onde teñen previsto esixir unha reunión co Ministerio de Transición Ecolóxica para tratar esta situación.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego este é un síntoma máis dunha situación que comeza a ser preocupante en toda a comarca de Ferrolterra. Estamos a falar de máis de cen postos de traballo, persoas autónomas e pequenas empresas, que ben en perigo o mantemento da súa actividade despois de levar arredor de dous meses sen o ritmo habitual. As fontes de Enel-Endesa aseveran que é unha cuestión conxuntural. Se ben é certo que factores como o prezo do lignito están a influír negativamente en centrais alén das nosas fronteiras, como é o caso alemán, tamén é certo que o historial de incumprimentos e de escurantismo por parte da empresa fan saltar todas as alertas. Cómpre recordar, por exemplo, o acontecido co convenio colectivo e a derivada da perda de dereitos laborais que foran conquistados polos traballadores e traballadoras en materia de beneficios sociais, agora mesmo en disputa.

CSM - REXISTRO DO N.º 1166AS
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 10:36:54
Nº Rexistro: 52364
Data envío: 09/07/2019 10:36:54.345

Así mesmo, unha década de falta de política industrial por parte da Xunta de Galiza, que se limitou a enfrontar os retos da modernización enerxética e a descarbonización a golpe de titulares no lugar de deseñar unha planificación a medio e longo prazo beneficiosa para o noso país, sumado á errática política do Partido Socialista, que leva meses prometendo un Estatuto de electrointensivas que non chega e que afonda na crise da industria galega e, polo tanto, na súa demanda de enerxía, non axudan.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que a Xunta de Galiza, con competencias en planificación económica, non pode permanecer allea a esta situación. Cómpre lembrar que estamos a falar dun cinto industrial do país afectado por diversos conflitos como Poligal ou Alcoa aos que agora se suma a incerteza da situación da Central Térmica das Pontes. É necesario que a Xunta de Galiza impulse as accións precisas para que esta situación se resolva de forma satisfactoria.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galiza diante da redución de actividade da Central Térmica das Pontes e as súas repercusións no sector auxiliar?

Coñece o goberno galego as mobilizacións dos traballadores do transporte? Tense reunido con eles? Ten asumido as súas demandas? Tense dirixido ao goberno central?

Ten planificado o goberno galego o impulso dunha mesa de diálogo coa dirección de Enel-Endesa para esixir que se aclare a situación pola que atravesamos a

CSV REXISTRO DnlMm9A5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 10:36:54
Nº Rexistro: 52364
Data envío: 09/07/2019 10:36:54.345

Central e cales son as perspectivas para os próximos meses? Cales son as razóns ou conclusións?

Ten planificado o goberno galego desenvolver unha planificación propia de modelo enerxético que garanta unha modernización e descarbonización ordenada?

Que diálogo ten ou vai ter o goberno galego cos axentes sociais e políticos diante desta situación?

Que demandas sobre a materia ten trasladado ao goberno central?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/07/2019 10:35:41

CSV REXISTRO DnL Mns945
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 10:36:54
Nº Rexistro: 52364
Data envío: 09/07/2019 10:36:54.345

Xosé Luis Bará Torres na data 09/07/2019 10:35:52

María Montserrat Prado Cores na data 09/07/2019 10:35:57

Olalla Rodil Fernández na data 09/07/2019 10:36:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/07/2019 10:36:12

Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2019 10:36:20

CSV REXISTRO DnLMM9A5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 17.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 52737(10/POC-008183)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir o mantemento do uso industrial e dos postos de traballo nos terreos que ocupa na actualidade Factorías Vulcano

Publicación da iniciativa, 514, 31.07.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2019 13:48:40
Nº Rexistro: 52737
Data envío: 17/07/2019 13:48:40.158



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Paula Quinteiro Araújo e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 6ª.**

O estaleiro vigués Vulcano presentou a solicitude de liquidación no Xulgado do Mercantil número 3 da cidade de Vigo. Este anuncio faise tras a entrega do último barco, tras varios meses de atraso sobre a data fixada inicialmente.

A situación de debilidade e incerteza non é nova. De feito, o cadro de persoal leva case 5 anos e medio sometido a expedientes de regulación temporal de emprego, xa que hai moi pouca actividade no estaleiro, e houbo meses nos que permaneceron sen cobrar.

Ábrese unha oportunidade para que Vulcano poida sobrevivir e se manteña a unidade produtiva e os postos de traballo, aínda que polo momento non se fixo ningunha oferta para adquirir este.

É fundamental que a Xunta tome partido e evite que desapareza unha peza fundamental do tecido industrial galego. As administracións deben tomar medidas para garantir que o uso futuro dos terreos continúen destinándose a actividade industrial naval e a xeración de postos de traballo.

Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na comisión 6ª:

CSM - REXISTRO DE GALICIA
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2019 13:48:40
Nº Rexistro: 52737
Data envío: 17/07/2019 13:48:40.158



1. Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para garantir que nos terreos que ocupan na actualidade Factorías Vulcano se manteña o uso industrial e os postos de traballo?
2. Que medidas levou adiante a Xunta de Galicia ata o de agora para incrementar a carga de traballo do estaleiro?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2019

Asdo.: Luca Chao Pérez

Paula Quinteiro Araújo

Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 17/07/2019 13:45:54

CSX4 REGISTRO GUXMIF9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2019 13:48:40
Nº Registro: 52737
Data envío: 17/07/2019 13:48:40.158



Paula Quinteiro Araújo na data 17/07/2019 13:46:06

Antón Sánchez García na data 17/07/2019 13:46:29

CSV REGISTRO GUXMIF9
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 17.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 53464(10/POC-008381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa situación actual do estaleiro Vulcano, en Vigo

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 11:15:41
Nº Rexistro: 53464
Data envío: 06/08/2019 11:15:41.163

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Nestes días soubemos que os administradores concursais do estaleiro vigués “Vulcano” comunicaron ao Xulgado do Mercantil que leva o procedemento a súa intención de abrir un ERE extintivo para case todo o cadro de persoal da empresa (en concreto, para 69 traballadores).

O Goberno galego e toda a Administración autonómica debería dar unha resposta ante esta situación, impedindo que finalizase a relación contractual cos traballadores e apostando pola aparición dun posible inversor.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que pensa o Goberno galego con relación á situación actual de “Vulcano”, en Vigo?
2. Que ten feito ata o de agora e que vai facer o Goberno a partires deste momento para manter a actividade industrial do estaleiro e os postos de traballo?
3. Ten algunha noticia o Goberno da existencia dun futuro inversor?

Pazo do Parlamento, 06 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
José Manuel Pérez Seco
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSM-REXISTRO2019/08/06/11:15:41.163
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 11:15:41
Nº Rexistro: 53464
Data envío: 06/08/2019 11:15:41.163

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/08/2019 11:10:52

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/08/2019 11:11:02

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/08/2019 11:11:16

CSX: REXISTRO212mD48
Verificación
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 17.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 53703(10/POC-008427)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o coñecemento e valoración por parte da Xunta de Galicia do proceso de deslocalización dos servizos de R Cable e da posible perda de postos de traballo, así como as actuacións levadas a cabo para evitalo

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:09:56
Nº Rexistro: 53703
Data envío: 12/08/2019 10:09:56.695

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

R Cable foi fundada en 1998 e comezaría a súa actividade en 1999, despois de gañar un concurso público para instalar en Galicia os servizos de cable. A empresa comezou como unha aposta común da varias empresas galegas, entre as que se atopaba o Banco Pastor, Caixanova ou Unión Fenosa. A finais do ano 2000 R Cable tiña aproximadamente uns 1.000 clientes e a súa presentación era a de un "operador global de telecomunicacións por cable de Galicia", tendo a súa base de operacións na Coruña.

Despois de 25 cambios no accionariado na empresa, en 2015 produciuse a compra definitiva de R Cable por parte de Euskaltel, por 1.190 millóns de euros e o 100 % da compañía, consagrándose como a principal empresa de telecomunicacións do norte de España. Euskaltel no momento da compra anunciou que daría continuidade á marca galega, ás súas estruturas locais e aos seus equipos profesionais; pero a realidade é que dende ese momento iniciouse unha progresiva deslocalización dos empregos da antiga R Cable cara a Asturias e ó País Vasco, fundamentalmente dos seus servizos de mantemento.

Estes servizos de mantemento están na actualidade subcontratados a empresas que operan en Galicia, como Comfica, Colabora, Indra ou Plexus, nos que ata agora se viña subrogando ao persoal que se ocupa deste labor, que nalgúns o fai dende hai 20 anos. Recentemente, Euskaltel acordou entregar á empresa chinesa ZTE os ditos servizos de mantemento da rede, que serán realizados dende o centro de traballo que a empresa chinesa acaba de abrir en Asturias, sen subrogación das persoas traballadoras, polo que se pon en risco varios centos de empregos en Galicia, principalmente na Coruña e comarcas próximas, como pon de manifesto o despedimento de 20 traballadores e traballadoras de Comfica e que no resto das empresas como Indra, Plexus o Colabora poderían seguir os mesmos pasos.

Calcúlase que na actualidade traballan máis de 1200 persoas para R- Cable na Coruña, entre empregos directos e indirectos. Na empresa matriz véñense producindo un goteo de despedimentos e externalizacións cara a empresa china

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO-ZV2DewU04
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:09:56
Nº Rexistro: 53703
Data envío: 12/08/2019 10:09:56.695

ZTE, polo que as persoas que traballan nestas compañías iniciaron unha serie de mobilizacións (concentración ante as sedes centrais de R na Coruña no Polígono de A Grela e no Obelisco así como dúas xornadas de folga, os días 24 e 31 de xullo) que ante a falla de avances van continuar e intensificar.

As recentes declaracións do conselleiro delegado de Euskaltel, José Miguel García, nas que aseguraba que a compañía continuará no actual camiño de "reestruturación", non dan moita esperanza a que esta senda mude. Segundo denuncia o Comité de empresa (UGT e CCOO) o impacto destas medidas de "reestruturación" podería afectar a uns 500 postos de traballo, que poden chegar a máis posto que o servizo de atención ao cliente (contac center e labores administrativas) vai ser licitado, e na actualidade prestan servizos unhas 500 persoas.

A unificación de servizos para as tres empresas do Grupo Euskaltel (R, Telecable en Asturias, e a propia Euskaltel) poñen en risco postos de traballo que antes eran unha oportunidade de crecemento.

Ata agora R Cable aparece como un dos mellores provedores de servizos de comunicacións en todos os rankings debido á calidade do servizo que se está a prestar, compensando as perdas xeradas por outras empresas do grupo; ademais R Cable ten recibido numerosas subvencións para o despregamento de fibra óptica.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia destes feitos?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia desta situación?
3. Púxose en contacto a Xunta de Galicia con R Cable para interesarse polas intencións da empresa de deslocalizar o seu servizo de mantemento?
4. En caso afirmativo, adquiriu R Cable algún tipo de compromiso?
5. Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización destes servizos así como a perda de postos de traballo?

Pazo do Parlamento, 09 de agosto de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
José Manuel Pérez Seco

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:09:56
Nº Registro: 53703
Data envío: 12/08/2019 10:09:56.695

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/08/2019 10:07:42

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/08/2019 10:07:57

CSV REGISTRO:ZV2DewL04
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 17.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 54176(10/POC-008565)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para acceder á cancelación anticipada por Ferroatlántica do arrendamento das centrais hidroeléctricas do río Xallas, a documentación recibida ao respecto e as garantías que posúe do mantemento das condicións das concesións por parte da empresa compradora

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:43
Nº Rexistro: 54176
Data envío: 27/08/2019 11:19:43.047

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

A historia de recente de Villar Mir e Ferroatlántica en Galiza ten feitos convulsos e importantes que poden determinar o presente e, sobre todo, o futuro dunha comarca enteira como é a da Costa da Morte para alén do futuro de postos de traballo tamén na contorna da Coruña.

Entre os feitos recentes máis relevantes, cómpre recordar que o pasado martes 4 de xuño de 2019 facíase pública a venda de Ferroatlántica ao fondo estadounidense TPG Sixth Street Partners e xurdían as alertas do Comité de Empresa e da sociedade en xeral sobre o mantemento do emprego, da actividade produtiva e do respecto ás concesións de explotación hidráulica.

Neste mesmo sentido, non está de máis recordar o intento de segregación e venda das centrais do Xallas no ano 2017. Sorprendentemente, aínda que xa ten decidida a venda, a empresa liderada por Villar Mir ten confirmado que non vai renunciar aos recursos legais que presentou contra a resolución de Augas de Galiza. Este último extremo foi novamente confirmado ao Comité de Empresa o pasado 7 de agosto.

Durante os últimos meses diferentes indicios e informacións saídas de diferentes foros de reunión foron confirmando as peores sospeitas: estamos ante unha operación

CSM-REXISTROPKJ0q2J9I8
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:43
Nº Rexistro: 54176
Data envío: 27/08/2019 11:19:43.047

fraudulenta a través da que Villar Mir pretende levar adiante unha segregación encuberta das centrais coa que esquivar as cláusulas concesionais. Malia o ficticio cambio de propiedade, todo apunta a que será o conglomerado Ferroatlántica quen seguiría xestionando as fábricas da Costa da Morte de forma que continuaría sendo o provedor e comprador único como se dunha subcontrata se tratara para poder lucrarse coa explotación enerxética, poñendo en entredito o compromiso coa actividade industrial.

Neste contexto, a Xunta de Galiza decidiu pórse de lado dos intereses de venda de Villar Mir no lugar de atender os intereses sociais da Costa da Morte e, por extensión, de Galiza. Tras varias semanas de sospeitas, o 14 de agosto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria informaba verbalmente ao comité da autorización administrativa para a cancelación anticipada do arrendamento (*leasing*) que Ferroatlántica ten sobre as centrais hidroeléctricas do Xallas.

Este feito é, a xuízo do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, escandaloso. Compartimos coa maioría do Comité de empresa que este pseudoproxecto (lembrems que non existe unha soa proba documental de planificación industrial por parte dos axentes implicados) de compra-venda non garante o futuro das fábricas e dos postos de traballo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Cales son as razóns da Xunta de Galiza para dar preferencia ás súas débedas con Villar Mir fronte á defensa dos intereses da Costa da Morte?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:43
Nº Rexistro: 54176
Data envío: 27/08/2019 11:19:43.047

Cales son as razóns da Xunta de Galiza para acceder á cancelación anticipada do arrendamento (*leasing*) que Ferroatlántica ten sobre as centrais hidroeléctricas do Xallas? Cando tomou a Xunta esa decisión política? Porque a ocultou á parte social?

Recibiu a Xunta de Galiza documentación a este respecto por parte de Ferroatlántica?

E por parte da empresa compradora?

En que consiste esa documentación?

Recibiu a Xunta de Galiza algunha proposta de Plan de acción por parte das e dos traballadores? Avaliouna? Con que conclusións?

Que garantías ten a Xunta de Galiza de que serán respectadas as condicións concesionais das centrais do Xallas?

En que situación deixa este contexto á planta de Sabón?

Tivo coñecemento a Xunta de Galiza da posibilidade de venta con anterioridade ao anuncio público do 4 de xuño? En que data? Por que vía?

É coñecedora a Xunta de Galiza da posibilidade dunha operación de maquiá da produción hidroeléctrica e ferroaleacións no centro de Cee-Dumbría e Centrais Hidroeléctricas de Ferroatlántica? Que valoración lle merece?

Considera a Xunta de Galiza que é responsábel rebaixar o seu nivel de esixencia respecto dos feitos ocorridos no 92?

Ten valorado a Xunta de Galiza o impacto da situación de Ferroatlántica no porto de Brens?

CSV REXISTRO PROPIEDAD 399
Verificación:
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:43
Nº Rexistro: 54176
Data envío: 27/08/2019 11:19:43.047

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2019 11:13:04

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2019 11:13:12

María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2019 11:13:18

Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2019 11:13:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2019 11:13:33

CSV: REXISTROPKIQGJ399
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:43
Nº Registro: 54176
Data envío: 27/08/2019 11:19:43.047

Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2019 11:13:40

CSV: REXISTROPKIQZJ99
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 17.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 54494(10/POC-008609)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco

Sobre os estudos xurídicos e traballos administrativos que está a desenvolver o Goberno galego en relación coa caducidade das concesións de aproveitamentos hidroeléctricos nos encoros de Galicia, en particular para garantir que a central das Conchas e as minicentraís pasen á xestión pública

Publicación da iniciativa, 524, 04.09.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 6.^a**, relativa a desenvolver un estudo sobre os períodos de caducidade das concesións hidráulicas en Galicia.

Os encoros galegos con produción hidroeléctrica teñen unha potencia instalada que alcanza os 3.701 MW. Esta cifra sitúa a Galicia no 2º posto entre as CC.AA. e a súa potencia instalada representa o 21,7% de toda a península. A xeración hidráulica dos encoros varía segundo o ano hidrolóxico: nun bo ano como o 2016 alcanzou os 9.814 GWh (18% da xeración hidráulica total do Estado); baixando nun ano de seca como o 2017 aos 3.308 GWh.

Galicia conta co 5,4% da capacidade total peninsular de auga embalsada (2.534 Hm³), o que a sitúa na 6ª posición a nivel do Estado. O encoro máis antigo de Galicia data de 1949 (A central de As Conchas); a finalización da súa concesión se producirá en 2024. Outros 4 dos grandes encoros galegos produtores de enerxía eléctrica rematan a súa concesión na década dos anos 20. Na década dos anos 30 serán 9 as grandes centrais con concesión caducada.

En Galicia operan 2 demarcacións hidrográficas integramente no territorio do noso País: Galicia Costa (xestionada por Augas de Galicia) e Miño Sil (xestionada polo Estado) e dúas compartidas: Cantábrico e Douro.

A enorme importancia deste potencial de produción eléctrica para a Transición Enerxética Sustentable, coa máxima soberanía de Galicia, esixe ter a maior cantidade posible de información para poder desenvolver políticas e estratexias de futuro.





Unha información capital é o período de caducidade das concesións hidroeléctricas, para planificar con tempo suficiente as propostas de actuación desde Galicia e así evitar decisións do Estado claramente prexudiciais para o interese xeral de Galicia como a ampliación por 75 anos do período de concesión da Central de Os Peares ditaminada polo Goberno de Zapatero sen ningunha alegación nin oposición do Goberno da Xunta de Galicia. Sen esta ampliación Os Peares revertería ao público en 2030. 181 MW que poderían dar subministración a máis de 50.000 fogares.

Así mesmo habería que desenvolver argumentacións e ditames xurídicos para poder contrarrestar as esperables argucias xurídicas das compañías eléctricas para tentar manter as concesións mais alá do período máximo.

A este fin, O Grupo Mixto presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Está Xunta de Galicia desenvolvendo algún tipo de estudo xurídico en profundidade que concrete os períodos de caducidade das concesións de todos os encoros con produción eléctrica no territorio de Galicia, así como calquera condicionante que puidera afectalos?
- 2.- En concreto está a Xunta de Galicia poñendo en marcha os traballos xurídicos e administrativos para garantir que a central de As Conchas pase a xestión pública no ano 2024, é trasladar esta exixencia ao Goberno do Estado?
- 3.- Do mesmo xeito está a Xunta de Galicia poñendo en marcha os traballos xurídicos e administrativos para garantir que as minicentrais que xa se encontran en período de caducidade ou o farán nos próximos anos pasen a xestión pública?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 13:52:31
Nº Registro: 54494
Data envío: 29/08/2019 13:52:31.078

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 29/08/2019 13:51:29

CSX_FEXYSTROWOwhpF4t9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 17.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 54497(10/POC-008611)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia diante de Abanca para acadar unha solución ao concurso de acredores da empresa Isowat, así como os seus resultados

Publicación da iniciativa, 524, 04.09.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa do seu deputado, **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o súa resposta na **Comisión 6.^a, relativa á intervención da Xunta de Galicia nas negociacións para dar unha solución ao Concurso de Acredores de Isowat Coruña**

Despois da aprobación por unanimidade no Parlamento de Galicia dunha iniciativa para instar a Xunta de Galicia a intervir ante o maior acredor do Concurso de Acredores de Isowat, e da renovación por tres meses do ERTE, o 26 de xuño, por parte da xuíza do mercantil responsable do concurso, non parece que estas xestións estean a dar resultados.

Ante a o próximo remate do prazo mencionado **O Grupo Mixto presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta en Comisión:**

- 1.- Que xestións leva realizadas a Xunta de Galicia ante o acredor principal, Abanca, e co posible inversor?
- 2.- Que resultados se obtiveron desas xestións?
- 3.- Considera a Xunta de Galicia que se atopará unha solución ao Concurso de Acredores antes de rematar o prazo de tres meses outorgado pola xuíz?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 13:57:42
Nº Rexistro: 54497
Data envío: 29/08/2019 13:57:42.805

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 29/08/2019 13:56:59

CSV, REXISTROZHIJI_165
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

